




A peregrinación no CAMIÑO DE SHIKOKU (Shikoku Henro) é unha viaxe por unha ruta espectacular ao longo de mil catrocentos quilómetros trazados nas catro prefecturas de Shikoku: Tokushima, Kochi, Ehime e Kagawa. A ruta está asociada con 88 templos que contan dende a súa orixe con íntimos vínculos con Kobo Daishi, un sacerdote budista xaponés máis coñecido como Kukai.

La peregrinación en el CAMINO DE SHIKOKU (Shikoku Henro) es un viaje por una ruta espectacular a lo largo de mil cuatrocientos kilómetros trazados en las cuatro prefecturas de Shikoku: Tokushima, Kochi, Ehime y Kagawa. La ruta está asociada con 88 templos que cuentan desde su origen con íntimos vínculos con Kobo Daishi, un sacerdote budista japonés más conocido como Kukai.

THE SHIKOKU HENRO PILGRIMAGE is a magnificent 1,400 kilometre circuit route that traverses the four prefectures of Tokushima, Kochi, Ehime and Kagawa, connecting 88 temples associated with Kobo Daishi, Kukai.



O CAMIÑO DE SHIKOKU

四国遍路

EL CAMINO DE SHIKOKU — SHIKOKU HENRO PILGRIMAGE

21.07.2017 — 24.09.2017



MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO

A exposición amosa a historia e espiritualidade do **CAMIÑO DE SHIKOKU** a través dunha colección de pezas históricas e imaxes da peregrinación na actualidade.

A HISTORIA DO CAMIÑO DE SHIKOKU

Tradicionalmente crese que o Camiño de Shikoku foi na súa orixe unha forma de adestramento espiritual para ascetas e monxes budistas que viaxaban ao longo de Shikoku, meditando e orando nos lugares sagrados vinculados á vida de Kobo Daishi.

A primeira guía do Camiño Shikoku foi publicada a finais do século XVII por un asceta de Osaka chamado Shinnen. Un libro que proba que a peregrinación por esta ruta tomou forma daquela, tal como hoxe a coñecemos.



Kobo Daishi

NOKYO-CHO

O *nokyo-cho* é un documento que proba a visita piadosa do peregrino a cada un dos templos da ruta. Os selos vermellos indican o número do templo visitado. En sânscrito aparece o nome do devandito templo e a principal imaxe budista que se venera. A firma en tinta negra pertence a un sacerdote do santuario, que certifica o nome do templo e cal é a imaxe principal.



Nokyo-cho

OSAME-FUDA

O *osame-fuda* (etiqueta) é un documento empregado polos peregrinos como proba de que visitaron un determinado templo. Os peregrinos escriben nel o seu desexo, enderezo, nome e data, e gárdano nunha caixa específica do santuario.



Osame-fuda

La exposición muestra la historia y espiritualidad del **CAMINO DE SHIKOKU** a través de una colección de piezas históricas e imaxes de la peregrinación en la actualidade.

LA HISTORIA DEL CAMINO DE SHIKOKU

Tradicionalmente se cree que el Camino de Shikoku fue en su origen una forma de entrenamiento espiritual para ascetas y monjes budistas que viajaban a lo largo de Shikoku, meditando y orando en los lugares sagrados vinculados a la vida de Kobo Daishi.

La primera guía del Camino Shikoku fue publicada a finales del siglo XVII por un asceta de Osaka llamado Shinnen. Un libro que prueba que la peregrinación por esta ruta había tomado forma en aquel momento, tal como hoy la conocemos.

NOKYO-CHO

El *nokyo-cho* es un documento que prueba la visita piadosa del peregrino a cada uno de los templos de la ruta. Los sellos rojos indican el número del templo visitado. En sânscrito aparece el nombre de dicho templo y la principal imagen budista que se venera. La firma en tinta negra pertenece a un sacerdote del santuario que certifica el nombre del templo y cuál es la imagen principal.

OSAME-FUDA

El *osame-fuda* (etiqueta) es un documento usado por los peregrinos como prueba de que han visitado un determinado templo. Los peregrinos escriben en él su deseo, dirección, nombre y fecha, y lo guardan en una caja específica del santuario.

In this exhibition, the history and the charm of the **SHIKOKU HENRO PILGRIMAGE** are introduced by old materials and beautiful pictures.

THE HISTORY OF THE SHIKOKU HENRO

The Shikoku Henro is believed to have originated as a form of religious training for Buddhist priests and ascetics who travelled around Shikoku worshipping at sacred sites associated with Kobo Daishi.

By the late 17th century, the pilgrimage had taken shape much as we know it today and an ascetic from Osaka named Shinnen had published the first route guide.



Guide book
Guía

NOKYO-CHO

The *nokyo-cho* acts as proof that one has paid their respects at each temple. The red stamps indicate the number of temple in the pilgrimage route, Sanskrit representing main Buddhist statue of the temple, and the name of temple. The black inked signature is written by a priest at each temple, as is the name of the temple and the main statue.

OSAME-FUDA

The *osamefuda* (name label) is used by pilgrims as a form of proof that they have visited the temple. Pilgrims write in their wish, address, name, and date, and put in a predetermined box at the temple.